


Η ΝΕΑ ΕΛΛΗΝΙΚΗ ΓΛΩΣΣΑ





Unha das cousas que chama a atención a calquera que chegue a coñecer a lingua grega con algo de profundidade é o pouco que cambiou, se o miramos con perspectiva, desde os primeiros testemuños escritos que dela temos (as táboas micénicas escritas no sistema Lineal B), que datan do segundo milenio antes da nosa era, ata a actualidade.

O grego que se fala hoxe en día é unha evolución da κοινή xurdida na época helenística e mantida como idioma habitual nos territorios do Imperio Bizantino. Cando este desapareceu, no s. XV, a lingua grega continuou a falarse ata chegar ós nosos días: hoxe, na forma chamada δημοτική (“popular”) algo diferente da máis literaria (καθαρεύουσα, “pura”), é a lingua oficial da República de Grecia e máis da República de Chipre, e é falado por abondosos emigrantes helenos en moitas partes do mundo.

Durante o curso dedicaremos algunhas sesións a coñecer o chamado “grego moderno”, pois trátase dunha lingua viva que, a fin de contas, é o que queda do idioma dos gregos antigos. A un nivel moi básico, aprenderemos palabras e expresións mediante o visionado de vídeos e dunha presentación á que acudiremos de cando en vez para fixar os coñecementos: Μερικά πράγματα της Νέας Ελληνικής.

